

# CMUS Profesional de Viveiro



CONCELLO DE VIVEIRO



**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  
CURSO 2019/2020**

**IDIOMAS APLICADOS AO CANTO**

## ÍNDICE

INTRODUCCIÓN .....	3
1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES .....	3
➤ 1º de Grao profesional:.....	3
CRITERIOS DE AVALIACIÓN .....	3
MÍNIMOS ESIXIBLES .....	3
➤ 4º de Grao profesional.....	3
CRITERIOS DE AVALIACIÓN .....	3
MÍNIMOS ESIXIBLES .....	4
2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN .....	4
2.1. AVALIACIÓN .....	4
2.2. CUALIFICACIÓN FINAL .....	5
2.3. PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO .....	5
2.4. AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES E PROCEDEMENTO PARA A RECUPERACIÓN DA 1ª – 2ª AVALIACIÓN.....	5
3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO, E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN) .....	6
3.1. ACTIVIDADES .....	6
3.2. METODOLOXÍA (ALUMNADO CON CONECTIVIDADE E SEN CONECTIVIDADE).....	6
3.3. MATERIAIS E RECURSOS .....	7
4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.....	7
4.1. INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS .....	7
4.2. PUBLICIDADE .....	7

## INTRODUCCIÓN

Segundo as instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

### 1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

#### ➤ 1º de Grao profesional:

##### **Criteria de avaliación**

Coñecer os aspectos culturais do ámbito xeográfico do idioma italiano.

Dominar o vocabulario suficiente para desenvolverse en contextos comunicativos sinxelos en italiano.

Adquirir un nivel básico para poder ler, traducir e interpretar textos ou cancións do seu repertorio.

Escoitar fragmentos musicais en italiano.

Ver algunhas obras enteiras ao longo do curso en dvd.

Coñecer as personaxes que interveñen e o argumento das óperas vistas e explicadas durante o curso, o cal facilitará a comprensión do texto.

Coñecer o alfabeto, as consoantes e as diferentes vogais de cada idioma.

Traducir ao castelán tódalas obras que cante durante o curso que non sexan en lingua castelá ou galega.

##### **Mínimos esixibles**

Adquirir un nivel básico de lectura e tradución de textos en italiano.

Coñecer o alfabeto, as consoantes e as diferentes vogais do idioma italiano.

Traducir ao castelán tódalas obras que cante durante o curso cuxo texto orixinal sexa en italiano.

#### ➤ 4º de Grao profesional

##### **Criteria de avaliación**

Coñecer os aspectos culturais do ámbito xeográfico do idioma alemán.

Dominar o vocabulario suficiente para desenvolverse en contextos comunicativos moi sinxelos en alemán.

Adquirir un nivel básico para poder ler, traducir e interpretar textos ou cancións do seu repertorio.

Escoitar fragmentos musicais en diversos idiomas facendo fincapé neste curso naqueles que sexan en alemán tendo en conta as pequenas variacións que algunhas veces é necesario facer na pronunciación no momento de cantar.

Ver algunhas óperas enteiras ao longo do curso en dvd, explicando previamente as personaxes que interveñen e o argumento, así coma traballar a lectura e tradución de pequenos fragmentos do mesmo.

### **Mínimos esixibles**

Adquirir un bo nivel de lectura de textos en alemán e italiano.

Coñecer o alfabeto, as consoantes e as diferentes vogais dos idiomas alemán e italiano.

Traducir ao castelán ou galego tódalas obras que cante durante o curso que non sexan en lingua castelá ou galega.

Na aplicación dos criterios de avaliación e mínimos esixibles respectivamente terase en conta en todo momento que o grao de profundización e destreza/técnica requiridos estarán baseados soamente na primeira e segunda avaliación.

De ser posible, ampliarase a materia impartida có fin de reforzar, recuperar ou ampliar as aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado (nunca minorando a cualificación).

De ser necesario, tendo en conta as circunstancias anteriormente referidas, poderase incorporar, a través das correspondentes programacións didácticas do vindeiro curso, parte do currículo que non se puidese desenvolver.

## **2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN**

### **2.1. Avaliación**

#### **Procedementos e ferramentas de avaliación:**

**Probas escritas:** teranse en conta as realizadas durante a 1ª/2ª avaliación e realizaranse por vía telemática (videoconferencia etc.) para o reforzo/ampliación/recuperación a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as calificacións)

**Probas orais:** teranse en conta as realizadas durante a 1ª/2ª avaliación e valorarase a posibilidade de realización das mesmas por vía telemática (videoconferencia etc.) para o reforzo/ampliación/recuperación a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as calificacións)

**Observación sistemática:** poderase establecer este procedemento para valorar as actividades de repaso/reforzo/ampliación/recuperación no caso de que sexa eventualmente posible a impartición de clase instrumental por vía telemática a partir da declaración do estado de alarma, deixando constancia dos resultados obtidos polo alumnado empregando o

procedemento ordinario (caderno de seguimento do alumnado) e tendo en conta que en ningún caso minorarán as cualificacións.

**Traballos de investigación e desenvolvemento:** de ser o caso establecerase o procedemento telemático axeitado para o envío dos mesmos a partir da declaración do estado de alarma, tendo en conta o resultado soamente para incrementar a cualificación outorgada.

## 2.2. Cualificación final

Tendo en conta que se trata dunha materia baseada na práctica dos principais idiomas de uso corrente na música vocal, considérase que se trata dun proceso de evolución progresiva e contínua, motivo polo que os resultados acadados polo alumnado na 2ª avaliación non están illados, senón que son froito do proceso de aprendizaxe e maduración persoal desde o comezo do curso académico, motivo polo que o cálculo da cualificación final será realizado mediante o seguinte procedemento: **Tomarase como referencia a cualificación obtida na 2ª avaliación tendo en conta o carácter contínuo da materia** e poderá incrementarse en 1,5 puntos en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma (valoradas en todo caso tendo en conta os criterios de avaliación, mínimos esixibles e procedementos e ferramentas de avaliación establecidos na presente programación en apartados previos) nunca minorando a cualificación da 2ª avaliación.

## 2.3. Proba extraordinaria de setembro

O alumnado que non acade unha cualificación positiva (puntuación de 5 ou superior) na avaliación final ordinaria terá dereito á realización dunha proba que será nos primeiros días do mes de setembro, nas datas fixadas pola dirección do centro educativo e á que será convocado coa debida antelación.

A devandita proba extraordinaria consistirá na lectura e tradución dun texto axeitado ao nivel (en italiano para os alumnos de 1º G.P e en alemán para os alumnos de 4º G.P), baseada nos criterios de avaliación e mínimos esixibles reflectidos na presente programación.

Os criterios de cualificación que se aplicarán son os que seguen:

- Lectura 70%
- Traducción 30%

Ante a eventual imposibilidade de realización dunha proba presencial tendo en conta a situación sanitaria, arbitraranse as medidas oportunas para a realización da proba extraordinaria empregando medios telemáticos, sendo igualmente de aplicación o deseño e avaliación da mesma referidos anteriormente.

## 2.4. Avaliación de materias pendentes e procedemento para a recuperación da 1ª – 2ª avaliación

### **MATERIAS PENDENTES DO CURSO ANTERIOR:**

Non procede establecer a avaliación de materias pendentes pois non hai alumnos coa materia de Idiomas aplicados ao canto pendente do curso anterior.

**PROCEDIMENTO PARA A RECUPERACIÓN DA 1ª-2ª AVALIACIÓN:**

O alumnado que non acadase unha avaliación positiva na 1ª e/ou 2ª avaliación poderá recuperala mediante a realización de clases por videoconferencia, a entrega de un traballo e unha proba de lectura e tradución que serán valoradas tendo en conta o establecido na presente modificación da programación didáctica. As actividades realizadas por medios telemáticos logo da declaración do estado de alarma centraranse en repasar, reforzar e recuperar aqueles aspectos da materia considerados imprescindibles tentando que o alumno sexa quen de superar a materia e evolucionar favorablemente nos vindeiros cursos.

**3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO, E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN)****3.1. Actividades**

Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores, tendo en conta que en ningún caso poderán minorar as cualificacións da 1ª/2ª avaliación.

Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu proceso formativo.

**As actividades propostas para a materia de idiomas aplicados ao canto son as seguintes:**

- Envío por medios telemáticos de textos no idioma que se está a traballar durante o curso para máis tarde por medio da videoconferencia facer a lectura prosódica dos mesmos.
- Envío por medios telemáticos de diversos fragmentos musicais no idioma que se está a traballar para máis tarde e despois da reflexión por parte do alumnado, comentar ditos fragmentos por medio da videoconferencia.
- Recomendacións de visionado de diversas versións de óperas e concertos con arias e cancións no idioma que se está a traballar.

**3.2. Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)**

A metodoloxía utilizada para os alumnos con conectividade é a impartición de clase por medio de videoconferencia de Skype ou Whatsapp dependendo do caso e tamén o envío previo por parte do profesor e por medios telemáticos dos textos ou fragmentos musicais a traballar en dita videoconferencia. Tamén a petición por parte do profesor de traducións ao castelán ou galego de textos no idioma que se está a traballar. Estas traducións son enviadas ao profesor por correo electrónico ou whatsapp para proceder á súa corrección. Non se aprezen alumnos sen conectividade. Se ben con algúns hai problemas de cobertura para impartir as clases por videoconferencia. De tódolos xeitos, si por circunstancias persoais dos alumnos/as e as súas familias isto puidera cambiar, o Concello de Viveiro programou un servizo de axuda a estes alumnos que garantiría a súa conectividade.

### **3.3. Materiais e recursos**

Os materiais e recursos telemáticos cos que contan tanto a docente como o alumnado son: Teléfono móbil smartphone, ordenador portátil con Internet, aplicacións de mensaxería instantánea e videochamada coma son Whatsapp e Skype, correo electrónico (persoal ou das familias), escáner e impresora. A profesora conta, ademáis, cunha serie de materiais didácticos na casa que poden ser compartidos cos seus alumnos: Partituras, dicionarios e diversos DVD e CD etc, tentando de tódolos xeitos posibles que ningún alumno quede descolgado da materia

## **4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

### **4.1. Información ao alumnado e ás familias**

As principais vías de comunicación co alumnado e as familias serán o email, videoconferencia e/ou outras que permitan un seguimento contínuo do alumnado e unha comunicación fluída coas familias, garantindo así a evolución e progreso do alumnado.

### **4.2. Publicidade**

Cada docente informará ao seu alumnado e familias da presente programación didáctica a través de email/videoconferencia e/ou outros mecanismos.

A dirección do centro procederá á publicación da mesma na páxina web do centro co fin de dar maior accesibilidade e visibilidade para toda a comunidade educativa, que igualmente será informada da citada publicación polos mecanismos referidos anteriormente.